



COMUNICADO SOBRE FALTAS DE PAGAMENTO E CONDICIÓN LABORAIS

A recente polémica das faltas de pagamento do grupo editorial Malpaso a un importante número de provedores do sector editorial, en especial tradutores e correctores, devolveu aos medios de comunicación unha dura realidade que padecen bastantes profesionais da tradución, a interpretación e a corrección, sexa cal for o seu ámbito de traballo: o incumprimento das condicións acordadas por parte dalgunhas empresas contratantes e a debilidade dos traballadores, na súa maioría autónomos, aos que unha falta de pagamento, sen importar a cantidade, supón un grave problema.

Ante esta situación, por desgraza habitual, a [Rede Vértice](#), o colectivo que agrupa as principais asociacións de profesionais da tradución, a interpretación e a corrección con presenza en España, quere manifestar o seguinte:

- A Rede Vértice desexa amosar a súa total **solidariedade cos profesionais afectados** polos non-pagamentos do grupo editorial Malpaso e con todos aqueles que sufriron un conflito similar ou que se atopen inmersos nel. Ninguén coma un compañeiro de profesión para entender a gravidade dunha falta de pagamento.
- Ademais, quere lembrar ás empresas que contraten calquera servizo profesional que a Lei 15/2010, o Real Decreto Lei 4/2013 e a Directiva 2011/7/UE do Parlamento Europeo e do Consello establecen un **prazo por defecto de 30 días para liquidar as facturas** (cun máximo de 60 días en circunstancias especiais). Nesta liña, a Rede Vértice insiste en que a maioría dos autónomos están acollidos ao **criterio de devindicación** e compren coas súas obrigas fiscais (ingresarlle á Axencia Tributaria o IVE e o IRPF) segundo a data da factura emitida, non da data de cobro. Daquela, unha falta de pagamento implica un grave problema de liquidez para estes profesionais.
- Finalmente, a Rede Vértice aproveita para reivindicar, en nome dos máis de **6000 profesionais** que agrupa, a dignidade das distintas profesións. Neste sentido, quere lembrar que son necesarios uns honorarios acordes co custo real do traballo realizado, dos coñecementos necesarios para desempeñalo correctamente e da vida; unhas condicións que faciliten un correcto desempeño do traballo; uns prazos de entrega razoables e o respecto da normativa sobre prevención de riscos laborais.

A repercusión que tivo nos medios de comunicación e as redes sociais o mencionado caso de faltas de pagamento, así como o anuncio da editorial debedora de proceder ao pagamento dentro duns meses (a Rede Vértice permanecerá atenta ao cumprimento deste

compromiso), deixan clara a importancia do asociacionismo como ferramenta de defensa da dignidade e integridade da profesión. En todos os casos desta natureza, este colectivo actuará para velar polos intereses dos membros de todas as súas asociacións.

Sobre a Rede Vértice

A [Rede Vértice](#) é unha agrupación de **dezanove asociacións** de tradutores, intérpretes e correctores con presenza en España. Algúns dos seus obxectivos primordiais son coordinar as accións de todos os profesionais, representalos ante as Administracións públicas e contribuír a acadar mellores condicións laborais, así como garantir a calidade do traballo para o cliente e a sociedade en xeral.



AATI: Asociación Argentina de Tradutores e Intérpretes

ACEC: Asociación Colegial de Escritores de Cataluña

ACEtt: Sección autónoma de la Asociación Colegial de Escritores de España

AGPTI: Asociación Galega de Profesionais da Tradución e a Interpretación

AICE: Asociación de Intérpretes de Conferencia de España

APTIC: Associació Professional de Traductors i Intèrprets de Catalunya

APTIJ: Asociación Profesional de Tradutores e Intérpretes Judiciales y Jurados

ASATI: Asociación Aragonesa de Tradutores e Intérpretes

Asetrad: Asociación Española de Tradutores, Correctores e Intérpretes

ATIJC: Asociación de Tradutores e Intérpretes Jurados de Cataluña

ATRAE: Asociación de Traducción y Adaptación Audiovisual de España

AVIC: Asociación Valenciana de Intérpretes de Conferencia

EIZIE: Asociación de Tradutores e Intérpretes de Lengua Vasca

EspAIIC: Asociación de los miembros de la AIIC en España (Asociación Internacional de Intérpretes de Conferencias)

FILSE: Federación Española de Intérpretes de Lengua de Signos y Guías-Intérpretes

IAPTI: International Association of Professional Translators and Interpreters

Tremédica: Asociación Internacional de Tradutores y Redactores de Medicina y Ciencias Afines

UniCo: Unión de Correctores

Xarxa: Red de Tradutores e Intérpretes de la Comunidad Valenciana